



REQUIRIMENTO DA ALCALDÍA

Nº Expediente: 2016/C003/000004

Asunto: Contratación da obra MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2016

A Mesa de contratación, na súa reunión de data 12.08.2016, propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato arriba citado coas seguintes condicións:

Empresa: **VILLASUSO ORTEGAL, S.L.**

Prezo: **51.600,00 € e 10.836,00 € de IVE (total: 62436,00 €)**

Prazo de execución: **28 días naturais**

Polo tanto, requírese a esta empresa, por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, para presentar a seguinte documentación, necesaria para continuar coa adxudicación desta obra, no prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise esta notificación:

- a) Documentación á que se refire a cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas e á que se fai referencia na Declaración responsable.
- b) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP, a cal ascende a **2.580,00** euros.

Cedeira, 12 de agosto de 2016



O alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil

VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

Políg. Ind. A Rega, parc. 48, Cuiña

15332 – ORTIGUEIRA

info@villasuso.es